


# Apuntes para miha biografía

## Xosé Veiga Roel

Por XOSÉ ANTÓN GARCÍA G.-LEDO



Xosé Veiga Roel, o grande debuxante, calígrafo e fotógrafo, nascéu na cidade de Betanzos no ano 1894, na rúa de Pardiñas, a carón das antigas casas góticas, recebendo as augas bautismáis na eirexa parroquial de Santa María do Azougue. Finóu no mesmo pobo o 9 de febreiro do 1976.

Fixo os seus estudos primarios na escola nacional de San Francisco, sendo o seu mestre don Ezequiel Suárez Blanco. Amosó moi axiña grandes dotes para o debuxo, que perfeccionó na clase do profesor don Xoán

Navaza, betanceiro tamén, facendo xa entón algúns interesantes traballos que foron calurosamente loubados.

Comenza a colaborar na revista «Betanzos», portavoz do Centro Betanzos de Buenos Aires; en xornáis, tanto españóis como extranxeiros; nos programas de festas da súa cidade, represen-

tando, xa co lapis ou coa pluma, os encantos da urbe brigantina e a súa bisbarra, ilustrando, asimismo, os traballos de D. Francisco Vales Villamarín con quen recorréu a maior parte do territorio comarcal.

Nos eidos fotográficos, realizóu unha interesante laboura artística, mostrándonos nas súas ampliacións a fermosura das paisaxes mariñáns, os nobres rostros dos petrucios, as facianas feitucas dos picariños, a enxebreira das aldeas e os belidos momentos da nosa Galiza, conquerindo sempre extraordinarios premios nas exposicións en que se presentou.

Outra faceta cuase ignorada de Veiga Roel é a da caligrafía, efectuando nesta arte verdadeiras maravillas, faceta, sen dúbida, herdada do seu pai, oficial maior de notaría e consumado pendolista, segundo testemuñan os seus parentes mais achegados. Así, sendo pouco coñecida a súa produción como experto calígrafo, non figura o seu nome nas obras que se ocupan deste tema, constituindo por elo unha verdadeira inxusticia, que agardamos sexa subsanada polos tratadistas da materia, dando a Veiga un honroso posto entre os grandes calígrafos nacionais.

Del dixo don Xosé Antonio Míguez nunha certeira semblanza: «Veiga Roel era la imagen viva del viejo liberal que tan bien nos ha retratado el doctor Marañón. Era un lujo para la ciudad, que la ciudad tal vez no supo o no quiso apreciar como es debido. Y él, en cambio, amaba a Betanzos como nadie; amaba a la ciudad y le era fiel desde su hidalguía y su caballerosidad, desde la emocionada melancolía de sus silencios».

Rematamos estas cativas notas cunha lista das obras deste notábel artista, que tanto amou á súa cidade natal, como o demostran as seguintes verbas ditas por el no ano sesenta: «A comenzos de século, Betanzos era unha cidade para ser gardada nun fanal».

A proposta do «Grupo Untía», no ano 1980 o Concello brigantino nomeóuno fillo predilecto da cidade.



XOSÉ ANTÓN - SI

En lembranza de gran debuxante  
Betancire Xosé Teige Riel.

BETANZOS.—Eirexa conventual de San Francisco. Parte superior da estatua xacente dun relixioso. Século XV. Encol desta eficie, véxase o que di FRANCISCO VALES VILLAMARIN no seu traballo *Los enterramientos de la iglesia de San Francisco de Betanzos*, La Coruña, Imp. Moret, 1971.

(Deb. de Xosé Antón García.)

# DEBUXOS

<i>TITULO</i>	<i>Procedimento</i>	<i>Ano</i>
Eirexa de San Francisco (Betanzos) .....	Lapis	1913
Eirexa de Santiago (Betanzos) .....	"	"
Sartego de Fernán Pérez de Andrade .....	"	"
Sartego de Fernán Pérez de Andrade .....	Tinta	"
Rúa de Betanzos .....	"	1924
San Miguel de Breamo .....	Lapis	1929
Sobrado dos Monxes .....	"	1932
Castelo de Andrade (Pontedeume) .....	"	"
Hórreos do Peirao (Betanzos) .....	"	1934
Porta da Ponte Nova (Betanzos) .....	"	"
Casa antiga (Pontedeume) .....	"	1935
Gaiteiro Rilo .....	Tinta	1936
Castelo de Pambre .....	Lapis	1939
Eirexa de Santa María (Betanzos) .....	"	1940
Fonte de San Francisco (Betanzos) .....	Tinta	1942
Cara posterior sartego de F. P. de Andrade .....	Lapis	1945
Torre do Relox (Betanzos) .....	"	1948
Mosteiro de Sobrado .....	Pluma	1941
Eirexa de San Francisco (Betanzos) .....	"	1947
Sartego de F. P. de Andrade .....	Lapis	1949
Retrato de Xosé Veiga Sánchez .....	"	"
Cabeza do gaiteiro Rilo .....	"	"
Abside eirexa de Santiago (Betanzos) .....	"	1950
Rúa de Santa María (Betanzos) .....	"	"
Adro de Santa María (Betanzos) .....	Tinta	"
IV Travesía de Santa María (Betanzos) .....	Lapis	"
Estatua xacente de F. P. (Betanzos) .....	"	"
Dúas estatuas xacentes de San Fco. (Betanzos) .....	"	"
Cruceiro Bonito (Abegondo) .....	Tinta	1953
Sartego de Pedro de Ben (Betanzos) .....	Lapis	"
Estatua xacente de Pedro de Ben .....	Tinta	"
Retrato de Antolín Faraldo (copia miniatura) .....	"	1954
Rincón da Rúa Nova (Betanzos) .....	Lapis	1954
Ensanche de Portal (Betanzos) .....	"	1960
Porta da Vila, antes do ensanche (Betanzos) .....	"	1965
Estatuas xacentes de Monfero .....	"	1968
Procesión por Santa María (Betanzos) .....	"	"
Fachada do Mosteiro de Monfero .....	"	"
Interior do Mosteiro de Monfero .....	"	"

<i>TITULO</i>	<i>Procedimento</i>	<i>Ano</i>
Porta do Cristo (Betanzos) .....	Tinta	1968
Retrato de Silvia Represa Veiga .....	Lapis	»
Retrato de Silvia Represa Veiga .....	»	1969
Retrato de Xosé Romay de la Colina .....	»	»
Retrato de Marisa R. Roldán .....	»	»
Retrato de Antonio Concheiro .....	»	»
Praza do Campo no 1867 (copia de Failde) .....	»	»
Praza do Campo .....	»	1970
Retrato de Romay de la Colina .....	»	»
Retrato de Xulio Romay Roldán .....	»	»
Retrato de Paula Romay Roldán .....	»	»
Retrato de Agustín Concheiro Riande .....	»	»
Retrato de Victoria Núñez Berea .....	»	»
Retrato de Francisco Sánchez López .....	Lapis	1970
Retrato de Rubén Lareo .....	»	»
Retrato de Berta Represa Veiga .....	»	»
Retrato de Romay de la Colina .....	»	»
Retrato do fillo de Xulio Castro .....	»	»
Retrato de Chelo Veiga Sánchez .....	»	1971
Retrato de Xosé Veiga Sánchez .....	»	»
Retrato de Miluca Morandeira Fariña .....	»	»
Retrato de Marina Concheiro Riande .....	»	»
Travesía de Santa María (copia do ano 1950) .....	»	1971
Ensanche de Portal (Betanzos) .....	»	»
A Galera (Betanzos) .....	»	»
Retrato de Silvia Represa Veiga .....	»	»
Retrato de Berta Represa Veiga .....	»	»
Retrato de Luis Represa (pai) .....	»	»
Catedral de Plasencia (dous debuxos) .....	»	»
Retrato de Xosé Veiga Morandeira .....	»	1972
Reflexo de Betanzos (tirado dunha foto de 1900) ...	»	»
Antiga Porta da Vila (debuxo conxetural) .....	»	»
Peirao (Betanzos) .....	»	»
Vista de Betanzos .....	»	1972
Vista de Betanzos (Galera) .....	»	1974
Procesión por Santa María (Betanzos) .....	»	1973
Sartego de Fernán Pérez de Andrade .....	»	1974
Castro de Unta (Betanzos) .....	»	1973
Eirexa de Santiago .....	»	»
Praza de Enrique IV (Betanzos) .....	»	1974
Peirao de Limiñón (Betanzos) .....	»	1974
Retrato de Xosé Fariña Martínez .....	»	1973
Retrato de Xosefina Fariña Ponte .....	»	1972
Retrato de Silvia Represa Veiga .....	»	1973
Retrato de Berta Represa Veiga .....	»	»
Retrato de Xosé Veiga Morandeira .....	»	1975

<i>TITULO</i>	<i>Procedimento</i>	<i>Ano</i>
Retrato de Manuel López .....	Lapis	1973
Retrato de María Sánchez López .....	"	"
Retrato de Marina García .....	"	1975
Retrato de Xulio Veiga Sánchez .....	"	"
Retrato de Cristina Bugallo Sánchez .....	"	1974
Retrato de Luis Represa Rodríguez .....	"	1975
Retrato de Consuelo Sánchez Sánchez .....	"	"
Retrato de Xosé Veiga Morandeira .....	"	"
Vista xeral de Betanzos .....	Lapis e tinta	"
Caricatura de Leandro Pita (sen data) .....	Tinta	
Caricatura de Vicente Illobre (sen data) .....	"	
Autorretrato (sen data) .....	"	

E outros traballos non localizados.

### *C A L I G R A F I A*

Traballos aos 8, 10 e 11 anos.

Lámina adicada á súa dona, no ano 1923.

Lámina adicada á súa irmá, no ano 1923.

Correspondencia cos amigos.

Traballo adicado a W. Fernández Florez, no ano 1923.

Oracións menores na superficie dun céntimo.

O Quixote (os tres primeiros capítulos nas dimensións dun papel de fumar).

Centenario de Covadonga.

O Pai Noso, nun mixto.

Pergameo a dona Consuelo Alvarez, no 1975.

Portada do Libro de Ouro da cidade de Betanzos, no 1973.

Traballo adicado a Manuel Martínez.

Traballo adicado a Manuel Vía Golpe.

Portada do álbum fotográfico de Silvia Represa Veiga, no 1973.

Portada do álbum fotográfico de Xosé Veiga Morandeira, no 1974.

E moitos outros temas, en paradeiro descoñecido.

### *F O T O G R A F I A*

No terreo da arte fotográfica, presentóuse a concursos por toda España e no extranxeiro, conquerindo outos postos e primeiros premios. Comenzó na cidade de Vigo no año 1954, acadando así o número un. Espuxo individualmente en Betanzos. A Cruña, Tarrasa, Ferrol, Avellaneda, Centro Betanzos de Buenos Aires e outras colectividades galegas da Arxentina.

Ficamos moi agradecidos pola xenerosa colaboración prestada para levar a cabo estes apuntes, á distinta familia de Veiga Roel e ao benquerido amigo Xosé Raimundo Núñez.